

PROXECTO:

**MODIFICACIÓN DO PLAN PARCIAL DO SOLO URBANIZABLE
PROGRAMADO NÚMERO 1 (SUP-1) ROMERO DONALLO,
SANTIAGO DE COMPOSTELA NO ÁMBITO DOS CUARTEIRÓNS
1 e 2**

FASE:

APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN

Documento:

ESTUDO DE PAISAXE

DATA DE REDACCIÓN:

MAIO 2022

Equipo de traballo:

Dirección Técnica. Medio e Sustentabilidade Territorial

D. Víctor Bouzas Branco

Xeógrafo col. N° 3044



D. Jose Manuel Taboada Faílde

Xeógrafo col. N° 0949



Santiago de Compostela, Maio de 2022

1. INTRODUCCIÓN.....	4
1.1 REGULAMENTO DA LEI DE PROTECCIÓN DA PAISAXE	4
1.2 DIRECTRICES DA PAISAXE	6
2. ANÁLISE	10
2.1 TIPOS E UNIDADES DE PAISAXE.....	10
2.2 VALORES PAISAXÍSTICOS	18
2.3 ANÁLISE DE VISIBILIDADE.....	19
2.4 A ANÁLISE DAS CONEXIÓNS E CONTINUIDADES VISUAIS ENTRE A NOVA URBANIZACIÓN E A SÚA CONTORNA.	20
2.5 ESTUDO DE INTEGRACIÓN TOPOGRÁFICA.....	23
2.6 IDENTIFICACIÓN DOS ELEMENTOS RELEVANTES DA PAISAXE DA CONTORNA	25
2.7 IDENTIFICACIÓN DOS IMPACTOS EXISTENTES NO ÁMBITO	25
3. INTEGRACIÓN DO INSTRUMENTO DE PLANEAMENTO NA PAISAXE	26
3.1 MEDIDAS DE INTEGRACIÓN	27
3.2 INTEGRACIÓN CAS DIRECTRICES DE PAISAXE.....	28

1. INTRODUCCIÓN

1.1 REGULAMENTO DA LEI DE PROTECCIÓN DA PAISAXE

No Decreto 96/2020, de 29 de maio, aprobouse o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.

No artigo 35 no punto 1 establece que os instrumentos de ordenación territorial e urbanística realizarán un estudo da paisaxe do ámbito territorial a que se refiran, que se incluíra entre os documentos informativos e de diagnose exixidos pola normativa de aplicación.

No mesmo artigo, no punto 3 ordena que os estudos da paisaxe referiranse a todos ou algúns dos seguintes aspectos, en atención ás peculiaridades de cada caso:

- a) Unha caracterización da paisaxe referida ao ámbito estrito do instrumento e á contorna en que se insire, que identificará e describirá os elementos conformadores daquel, así como os tipos e unidades de paisaxe presentes no ámbito do estudo.
- b) A identificación dos elementos ou zonas en que existen singulares valores paisaxísticos de tipo natural ou ecolóxico, cultural ou patrimonial, estético ou panorámico, e produtivo ou de uso. Tomaranse como referencia as áreas de especial interese paisaxístico e os valores paisaxísticos identificados polos catálogos da paisaxe.
- c) Unha análise de visibilidade, orientada a identificar miradoiros e sendas panorámicas, así como as zonas do ámbito máis expostas visualmente, tendo en conta os potenciais usos deste. Tomaranse como referencia os contidos dos catálogos da paisaxe, coa oportuna pormenorización, en atención á escala en que o instrumento establece a súa ordenación.
- d) A identificación dos impactos paisaxísticos existentes no ámbito do instrumento ou que lle afecten por resultaren visibles desde este, sempre que, por estaren directamente relacionados co obxecto, a escala e o alcance do instrumento, sexan susceptibles de que este prevexa as oportunas medidas de mellora ou recuperación. Poderán empregarse os impactos identificados nos catálogos da

paisaxe, pero o estudo deberá concretar as súas localizacións e características.

No artigo 36. Os estudos da paisaxe urbana nos instrumentos de planeamento urbanístico establece no punto 4. que os estudos da paisaxe urbana dos plans parciais e dos plans especiais de reforma interior en solo urbano non consolidado analizarán e xustificarán a correcta integración paisaxística da nova ordenación coa súa contorna, e deben incluír o seguinte contido:

- a) A descrición dos tipos ou subtipos de paisaxe urbana presentes na contorna do plan.
- b) O estudo da integración topográfica da nova rede viaria, as zonas verdes e as zonas edificables.
- c) A identificación dos elementos relevantes da paisaxe da contorna que poidan condicionar a nova ordenación, en particular as vistas panorámicas ou de interese.
- d) A análise das conexións e continuidades visuais entre a nova urbanización e a súa contorna.
- e) A identificación dos elementos naturais ou construídos de interese existentes no ámbito do plan, susceptibles de seren protexidos ou conservados.

No artigo 5. establece que a amplitude e o grao de precisión dos estudos da paisaxe urbana será proporcionado á entidade do núcleo urbano e ao alcance do plan, e na súa elaboración evitárase a reiteración ou simple reprodución de contidos propios doutros documentos daquel.

Artigo 37. Integración da consideración da paisaxe nos instrumentos de ordenación territorial e urbanística

Os instrumentos de ordenación territorial e urbanística establecerán as súas determinacións tendo en conta as conclusións do estudo da paisaxe e, de ser o caso, do estudo da paisaxe urbana, nos seguintes termos:

- a) As condicións de ordenación que se definan para as diferentes zonas dentro do ámbito do instrumento respectarán o tipo e carácter

paisaxístico de cada unha delas. Para tal fin, a ordenación debe procurar que as características das obras, construcións ou instalacións que se prevexan ou permitan resulten congruentes e harmonicen coas características dos elementos conformadores das paisaxes.

- b) Delimitaranse as áreas de especial interese paisaxístico e establecerase para elas unha ordenación tendente á protección e á adecuada xestión dos devanditos valores.
- c) Estableceranse as medidas oportunas para preservar as vistas de interese desde os miradoiros e as sendas panorámicas.
- d) Dentro do obxecto, a escala e o alcance do instrumento, preveranse as medidas necesarias para eliminar, reducir ou mitigar os impactos paisaxísticos existentes.

1.2 DIRECTRICES DA PAISAXE

No Decreto 238/2020, do 29 de decembro do 2020 aprobáronse as Directrices da Paisaxe de Galicia.

DX.03. (N) Os restantes instrumentos de planeamento urbanístico estudarán a paisaxe seguindo o criterio de proporcionalidade, é dicir, axustarán o seu nivel de alcance á súa natureza e ao potencial impacto paisaxístico que poidan xerar.

DX.10. O planeamento urbanístico terá en conta os seguintes criterios para os novos desenvolvementos urbanísticos:

- a) Criterios xerais:

1. (N) As determinacións do PXOM evitarán novos desenvolvementos que non sexan realmente necesarios para atender a demanda e, en calquera caso, preverán que se activen só no momento en que sexan necesarios. En caso contrario, estenderíanse as áreas urbanizadas, sen que as áreas urbanas preexistentes acadasen uns mellores niveis de calidade urbana, co cal se duplicarían os efectos negativos sobre a paisaxe.

2. (N) Os novos desenvolvementos anexaranse ao tecido urbano existente para manter o carácter compacto do núcleo. Deste xeito, evítase a aparición de tramas urbanas descontínuas que fragmentan a paisaxe. Exclúese desta exigencia os desenvolvementos que teñan como obxecto a creación de solo industrial ou terciario, e que xustificadamente deban separarse de zonas urbanas existentes.

3. (N) Os lugares que se escollan para os desenvolvementos serán os que mellor equilibren a continuidade do tecido urbano e a súa imaxe coa minimización da ocupación dos espazos de alto valor natural e ecolóxico e dos solos de alta capacidade produtiva agraria, tendo en conta as condicións físicas (como topografía, insolación ou ventos).

4. (N) As delimitacións realizaranse axustándose á paisaxe preexistente: ás coberturas vexetais, ás redes de camiños ou estradas, ou a outras preexistencias naturais ou artificiais. En especial, o deseño da ordenación adaptarase á topografía e ás preexistencias xeográficas, evitando extensas explanacións do terreo e grandes movementos de terras, e utilizando a topografía como medio para a protección de vistas, a integración de edificios, a transición entre espazos, etc.

5. (N) A nova ordenación deberá evitar parcelas con formas moi irregulares que favorezan a aparición de edificacións ou construcións con formas de difícil integración.

6. (N) Tanto a delimitación como as condicións para a ordenación detallada terán en consideración os elementos de especial interese paisaxístico, e terán moi presente a visibilidade do ámbito, así como as aperturas panorámicas que poidan existir cara a fondos escénicos de interese.

7. (N) As condicións para a ordenación do ámbito, desde o trazado das vías ata as condicións estéticas das edificacións, estableceranse de tal modo que se asegure a máxima integración posible entre os tecidos preexistentes e os novos. Buscarase a consolidación da continuidade espacial entre a rede de espazos públicos, verdes e prazas existente, e a dos novos desenvolvementos.

8. (R) Procurarase que o crecemento urbano non modifique os perfís e escenarios urbanos tradicionais.

9. (N) A planificación dos crecementos urbanísticos contribuirá á consolidación e dotación de servizos das zonas máis urbanas.

b) Criterios particulares para os instrumentos de ordenación de desenvolvementos de uso industrial ou terciario:

1. (N) Nas actuacións non incluídas no plan sectorial de ordenación de áreas empresariais ou que non sexan ampliacións de parques existentes resulta de especial importancia a selección da súa localización, que minimizará a súa exposición visual e a ocupación de solo, sobre todo daquel de alto valor paisaxístico (áreas de especial interese paisaxístico ou outras zonas delimitadas polo planeamento urbanístico ou os instrumentos de ordenación territorial).

2. (N) Realizarase unha análise dos bordos perimetrais, co fin de establecer unha adecuada transición e amortecemento entre a área empresarial e as áreas naturais e unha boa conexión e integración cos asentamentos e a rede viaria existentes na contorna.

3. (R) Deben coidarse os límites do polígono co solo rústico, para evitar que a transición se produza nas partes traseiras de parcelas de uso industrial, sen as oportunas medidas de integración. Por tanto, sempre que sexa posible, o límite entre a zona industrial e a contorna resolverase mediante vías, sendas peonís, zonas verdes ou espazos libres, e regularanse unhas adecuadas condicións de tratamento das partes traseiras das parcelas edificables.

4. (N) As zonas verdes localizaranse nos lugares en que mellor exerzan as súas funcións de espaxamento e/ou de transición paisaxística coa contorna. Nos espazos libres públicos, ademais de realizar novas plantacións, nas cales se utilizarán, sempre que as condicións o permitan, especies vexetais autóctonas, conservarase a maior parte posible das masas arbóreas de interese existentes.

5. (N) O trazado do viario será congruente coas características do lugar, e para tal fin debe adaptarse á topografía, minimizando os movementos de terras e a súa visibilidade.

6. (R) O deseño do novo sistema viario respectará e integrará nos espazos públicos, sempre que sexa posible, os elementos de interese

paisaxístico existentes (tales como arborado, muros, valados ou construcións etnográficas), e procurará unha adecuada conexión coa rede viaria existente na contorna do polígono. Os materiais das vías e os elementos de urbanización serán homoxéneos en cada polígono e utilizaranse preferiblemente pavimentos permeables, agás nas zonas en que existan riscos de infiltración de substancias contaminantes. Integrarase a vexetación no deseño das rúas.

7. (N) A organización das parcelas deseñarase procurando minimizar os movementos de terras para favorecer a adaptación das instalacións e edificacións á topografía, sen menoscabo da súa funcionalidade.

8. (R) No deseño da orientación e forma das parcelas edificables teranse en conta e respectaranse na maior medida posible as perspectivas visuais desde os núcleos de poboación e as estradas. Analizaranse tamén as formas e liñas da paisaxe para adaptar os volumes, as alturas, o trazado das rúas e a posición relativa das naves.


9. (N) A iluminación pública dos sectores industriais responderá ás súas necesidades pero sen xerar un punto de atracción lumínica para os posibles espectadores exteriores. Con este obxecto prestarase atención á intensidade, cor e dirección da iluminación, así como á utilización de tipos de luminarias acordes coa contorna.

2. ANÁLISE

2.1 TIPOS E UNIDADES DE PAISAXE

O sector e por extensión os cuarteiróns 1 e 2, sitúanse dentro da unidade **Vales Sublitorais, Urbano, Mesotemperado**. A orografía desta unidades presenta un relevo con pendentes suaves. En relación as condicións climáticas tamén se caracteriza pola suavidade con parámetros intermedios e abundantes precipitacións. Pero o verdadeiro carácter paisaxístico desta unidade ven marcado pola antropización do territorio, concretamente polos procesos de urbanización.


As coberturas naturais ou rústicas son residuais dentro desta unidade, e no caso concreto do sector e por extensión nos cuarteiróns 1 e 2, as coberturas vexetais están pendentes de urbanización. Por tanto, o sector pode considerarse un espazo residual, mantendo as coberturas vexetais en expectativa da súa transformación.



Mapa 1. Unidade de paisaxe no contorna do sector

2.1.1 TIPOS E SUBTIPOS DE PAISAXE URBANA

O desenvolvemento do sector permitirá vencellar dous tipos de paisaxe inconexos; por un lado o Ensanche de Compostela e por outro o crecemento suburbano de Cornes e Conxo.



Mapa 2. Tipos de paisaxe lindando co sector


A avenida Romero Donallo separa estes dous tipos de paisaxe, creando un límite tanto físico coma funcional. A gran anchura da vía xunto co intenso tráfico que soporta dificulta os desprazamentos entre ambos espazos e por tanto as relacións.

Esta vía que linda cos cuarteiróns 1 e 2 presenta 500 m. lonxitude e 30 m. de anchura. A súa calzada ten catro carrís, dous en cada sentido, con amplas beirarrúas, zonas axardinadas e aparcadoiros.



Imaxe 1. Vista da avenida Romero Donallo cara a rotonda da Galuresa. Fonte: Streetview

A ampla sección desta vía favorece a percepción do dominio dos planos de piso e ceo a pesar da considerable altitude das edificacións da linde nororiental.



Imaxe 2. Vista do voo americano

Como se comentou anteriormente o sector atópase lindando con dous tipos de paisaxe:

- **Ensanche de Compostela**

Este tipo de paisaxe presenta unha expansión de xeito unitario, cun trazado ortogonal e quinteiros regulares, que se ocuparon por edificacións plurifamiliar entre medianeiras. Estas edificacións foron desenvolvidas a finais do século XX (entre as décadas 1960 e 1980).

As edificacións máis próximas ao sector (Avda. Romero Donallo) son na súa maioría de baixo + entreplanta + 7 plantas + baixocuberta.



Imaxe 3. Vista dos edificios da avenida Romero Donallo



Imaxe 4. Vista dos edificios da avenida Romero Donallo

A trama urbana do ensanche carece de singularidade debido tecido urbano uniforme, onde os patróns morfolóxicos son repetitivos e indiferenciados.

Lindando cos cuarteiróns 1 e 2 situase unha edificación illada. Trátase do edificio do nº 42 de avda. Romero Donallo. É un edificio plurifamiliar illada de Baixo + entreplanta + 6 plantas + baixocuberta. Esta edificación presenta as medianeiras a vista. O desenvolvemento destes cuarteiróns permitirá rematar a trama urbana.



Imaxe 5. Vista do edificio nº42 da avda. Romero Donallo



Imaxe 6. Vista do Sector no ano 1998

- **Crecemento suburbano (Cornes – Conxo)**

Nos últimos anos ao suroeste do sector a cidade de Compostela experimentou un forte crecemento. Esta zona está dominada por un desenvolvemento ao longo do viario cara Conxo (avenida de Vilagarcía- rúa García Prieto e Avenida de Ferrol) e no entorno do núcleo tradicional de Cornes, nas proximidades da antiga estación de Cornes.


No **Barrio de Cornes** aínda se conservan un gran número de vivendas unifamiliares tradicionais. Mentres na histórica vía que unía o barrio de Conxo ca cidade de Compostela (avenida de Vilagarcía- rúa García Prieto) o número de vivendas tradicionais ou presentes no voo americano quedou un número moi reducido sendo substituídas por edificios de baixo+ tres alturas de finais dos oitenta e principios dos noventa do século pasado.

Pola súa banda, os desenvolvementos da trama urbana da avenida de Ferrol e da estación de Cornes (Rúa de Manuel Beiras e María Miramontes) foron levados a cabo por sendos plans parciais. A trama urbana da avenida de Ferrol deriva do plan parcial do SUP-4 Conxo

aprobado definitivamente no 1995, mentres que o Cornes deriva do PP SUP-2 Cornes aprobado no ano 1998.

Ámbito SUP-4 Conxo. Este ámbito presenta unha paisaxe ordenada, que configura o fondo escénico deste tipo de paisaxe urbano, dende o punto de vista dos quinteiros ou mazás 01 e 02 do sector. As edificacións de B+4 alturas da avenida de Ferrol conforman o seu límite cara o noroeste.

Ámbito SUP-2 Cornes. O desenvolvemento deste ámbito conformou unha das fachadas da cidade que dará continuidade o desenvolvemento dos cuarteiróns 01 e 02 do sector. Este ámbito esta dominado por edificacións plurifamiliares de B+5 e B+6 alturas, onde destaca un complexo residencial circundante á antiga estación de tren. Actualmente este desenvolvemento non está conectado completamente polo leste, gran parte da parte oriental da rúa do Escultor Camilo Otero, son parcelas a ermo, colonizadas por matogueiras.




Imaxe 7. Vista do SUP-2 Cornes dende a vía SC-20

O límite suroriental deste tipo de paisaxe urbana ven marcado pola vía de circunvalación SC-20 (avenida de Antonio Fraguas) tanto dende o punto de vista visual como funcional.

Esta vía ademais de ser un límite do paisaxe urbano de Compostela é unha das principais vías de entrada a cidade, converténdose nun dos principais itinerarios visuais.



Imaxe 8. Vista dos cuarteiróns 1 e 2 dende SC-20



Imaxe 9. Vista dos cuarteiróns 1 e 2 dende SC-20 e as edificacións de Cornes e Pontepedriña na súa contorna.




Imaxe 10. Vista dos cuarteiróns 1 e 2 dende a rotonda da Galuresa

Ao sur da vía SC-20 se sitúa o barrio de Pontepedriña, destacando varios edificios de máis de 6 plantas. Actualmente entre a vía do ferrocarril e a vía SC-20 estase realizando un edificio residencial de máis de 8 plantas.

2.2 VALORES PAISAXÍSTICOS

O sector está afectado directamente polo Ámbito do Camiño de Santiago e por un sendeiro GR 94 Rural de Galicia (variante do Camiño Portugués). Nos cuarteiróns 1 e 2 non existen ningún valor singular inventariado no catálogo de Paisaxes de Galicia.

En relación aos valores paisaxísticos na contorna do sector e dentro da unidade paisaxística, ademais dos anteriormente citados, destaca a presenza do camiño xacobeo Portugués ao noroeste do sector e a ruta da Camelia polo leste do mesmo. Máis afastados do sector atopamos dentro dos valores culturais o casco antigo de Compostela e a maior distancia a igrexa parroquia de Conxo. Os valores naturais son moi reducidos na súa contorna debido a forte urbanización, sendo a árbore senlleira Cedro Atlántico do Pazo do Hórreo e as ribeiras do río Sar.




Mapa 3. Valores paisaxísticos do Catálogo de Paisaxes de Galicia

2.2.1 IDENTIFICACIÓN DOS ELEMENTOS NATURAIS OU CONSTRUÍDOS DE INTERESE NO ÁMBITO


Nos cuarteiróns 1 e 2 do SUP-1 non existen elementos naturais ou construídos de interese. Os elementos máis próximos aos cuarteiróns e dentro do sector, localízanse na contorna de protección do Camiño Portugués e o sendeiro GR 94 (variante Portugués).

2.3 ANALISE DE VISIBILIDADE

O sector presenta unha baixa exposición visual. Segundo o Catálogo de Paisaxes de Galicia a visibilidade dende as principais vías de comunicación de Galicia e núcleos é baixa en todo o sector SUP-1.



Mapa 4. Zonas de maior exposición visual (Visibilidade estradas núcleos). Fonte: <https://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/>



Mapa 5. Visibilidade dende zonas de maior potencial de vistas. Fonte:
<https://mapas.xunta.es/visores/paisaxe/>

A visibilidade dende as zonas de maior potencialidade do sector sitúase entre media e baixa. A zona próxima a avenida Rosalía de Castro presenta unha visibilidade media, mentres a zona suroriental, nos cuarteiróns 1 e 2 presenta unha visibilidade baixa.

En conclusión, o sector presenta un visibilidade baixa tanto dende os principais puntos de observación, como das principais vías de comunicación e núcleos.

2.4 A ANÁLISE DAS CONEXIÓNS E CONTINUIDADES VISUAIS ENTRE A NOVA URBANIZACIÓN E A SÚA CONTORNA.

O ámbito ao estar rodeado de edificacións e infraestruturas de transporte (SC-20 e vía do ferrocarril) a súa afección visual redúcese fundamentalmente a trama urbana de Compostela. No fondo escénico pode apreciarse ao lonxe as plantacións de eucalipto do Monte Curuxeira e Pena Redonda no linde entre o concello de Santiago de Compostela e Teo, nas proximidades do núcleo dos Tilos.



Vistas da contorna do ámbito (Pontepedriña e Cornes) dende o sur do edificio 42 de Avda. Romero Donallo




Vistas das vivendas de Cornes e Conxo dende o norte do edificio 42 de Avda. Romero Donallo



Vista de edificacións de Pentedriña, liña de ferrocarril e vía SC-20 e no fondo escénico plantacións de eucaliptos no Nave Curuxeira

Imaxe 11. Vistas edificacións da súa contorna

A exposición visual a nivel espacial é moi limitada, froito da súa contorna urbanizada, detallada nos tipos de paisaxe urbana. A pesar de que a súa incidencia é limitada a súa fragilidade visual é moi alta, xa que a Avenida Romero Donallo, a vía SC-20 e a rotonda da Galuresa son vías con un intenso tráfico de vehículos.




Mapa 6. Zona visible dende os cuarteiróns 1 e 2 do sector SUP-1.

2.5 ESTUDO DE INTEGRACIÓN TOPOGRÁFICA


A modificación puntual non suporá variacións topográficas respecto ao plan parcial. A MP permite a posibilidade de redacción de estudos de detalle para dar unha solución conxunta a os cuarteiróns 1 e 2.

Para analizar a topografía e volumetría empregouse LiDAR de 2015-2016 e pasouse esta información a Ráster e realizouse un MDT de 0,5x0,5m. Realizáronse varios perfís lonxitudinal e transversal realizados sobre o LiDAR e o MDT.


Os cuarteiróns 1 e 2 ao longo da avda. Romero a altitude vai dente 219 ata os 216,5 m. Nos lindes das medianeiras do edificio nº 42 existe un desnivel entre 5 e 3 metros ca avenida Romero Donallo. Como nos afastamos da avenida cara o suroeste, Rúa do Escultor Jesús Landeira, a cota descende ata pouco máis dos 208 m.




Imaxe 12. Vista do perfil lonxitudinal (vermello MDT e LiDAR) e transversal (azul mdt e azul claro LiDAR)




Imaxe 13. Perfil Lonxitudinal mdt con edificacións 0,5x0,5m.



Imaxe 14. Perfil Lonxitudinal con edificacións e vexetación LiDAR



Imaxe 15. Perfil transversal MDT con edificacións 0,5x0,5m.



Imaxe 16. Perfil transversal con edificacións e vexetación LiDAR

No Estudo de Detalle faranse os reaxustes oportunos no tócate ás aliñacións e rasantes.


2.6 IDENTIFICACIÓN DOS ELEMENTOS RELEVANTES DA PAISAXE DA CONTORNA

Os elementos relevantes da súa contorna xa están descritos no apartado tipos de paisaxe.

2.7 IDENTIFICACIÓN DOS IMPACTOS EXISTENTES NO ÁMBITO

No ámbito ademais de pequenos vertidos de lixo e algunha especie invasora (herba da pampa), non existen ningún elemento impáctante no ámbito.


Na contorna destaca a presenza da vía SC-20 que debido intenso tráfico de vehículos motorizados é unha fonte de contaminación acústica, como se pode ver no mapa de ruído do CEDEX.




Mapa 5. Recorte del Mapa de ruido Lden. Fonte: <https://sicaweb.cedex.es/>. Sinálase cun círculo azul a situación aproximada do ámbito.

3. INTEGRACIÓN DO INSTRUMENTO DE PLANEAMENTO NA PAISAXE


O MP do Plan Parcial formula que o Estudo de Detalle reordene o volume edificable permitido polo PP. O volume edificable como se pode ver nos **exemplos orientativos** (imaxe 17-19) son coherentes co volume edificado na súa contorna do Ensanche (a maioría das edificacións de Romero Donallo presentan Baixo+entreplanta +7 plantas + baixocuberta) ou en Cornes (B+5+BC ou B+6+BC).



Imaxe 17. Exemplo orientativo da sección ao longo da avenida Romero Donallo de dúas ordenacións



Imaxe 18. Vista do volume edificado ao longo de toda avenida Romero Donallo



Imaxe 19. Vista do volume edificado de norte a sur dos cuarteiróns.



Imaxe 20. **Exemplos orientativos** da posible urbanización das mazás 1 e 2 (Recreación dende SC-20)

Nos cuarteiróns 1 e 2 non existe áreas de especial interese paisaxístico, ademais non existen miradoiros nin sendas panorámicas. A pesar da carencia de valores nesta zona si que se tomarán medidas para minimizar o impacto paisaxístico existente e para potenciar os valores da súa contorna.

3.1 MEDIDAS DE INTEGRACIÓN

A continuación se detallan medidas que deberán reflexarse na MP do PP SUP-1 para garantir a integración paisaxística:

- Debido a gran fragilidade do ámbito, As construcións e instalacións presentaran un deseño de calidade e harmónico co seu entorno. A continuación se detalla esta medida:
 - Respecto a gama cromática as edificacións e peches seguirán a Guía de Cor e Materiais de Galicia, elaborada pola Consellería de medio ambiente, e ordenación do territorio.
- Se eliminarán as especies foráneas invasoras como a herba da pampa.
- Se creará unha franxa vexetal con especies arbóreas autóctonas diversa tanto en especies como en porte e presentarán unha distribución paralela a vía SC-20, que permita amortecer o ruído e mellore a transicións dos cuarteiróns con esta vía.
- As condicións de pavimentación exterior, sinalización, etc., seguirase na medida do posible as indicacións de boas prácticas en intervencións en espazos públicos ([acceder á guía de boas prácticas](#))

3.2 INTEGRACIÓN COAS DIRECTRICES DE PAISAXE

A Modificación Puntual é coherente cas Directrices de Paisaxe, tanto cos obxectivos de calidade paisaxística da unidade coma as normas e recomendacións:

En relación aos obxectivos de calidade paisaxística para a unidade Vales sublitorais, urbano, mesotemperado da Gran Área Paisaxística Galicia Central. O desenvolvemento do sector favorece unha urbanización ordenada adecuada ao territorio no cal se insire (OCP 9B_2_2). Ademais este instrumento urbanístico permite consolidar a trama urbana do casco novo da cidade de Compostela se afectar os valores paisaxísticos da cidade (OCP 9B_4_1)

Respecto as normas e recomendacións das Directrices de Paisaxe, o presente documento estudia a paisaxe seguindo o criterio de proporcionalidade (DX.03.). Por outro lado a MP do Plan Parcial SUP-1 é coherente cas distintas normas da DX 10 como se pode ver a continuación:

- O desenvolvemento do ámbito do PP linda co tecido urbano existente (Ensanche-Cornes) e permite mellorar a conectividade destes dous espazos urbanos, facendo unha trama máis compacta e consolidando esta parte da cidade de Compostela.
- PP axústase a paisaxe preexistente, sen grandes trocos na topografía e sen afectar a elementos singulares.
- A nova ordenación desenvolverá parcelas regulares que favorece a aparicións de construcións de fácil integración.
- MP ten en conta visibilidade do ámbito, como se pode ver no apartado *Análise de visibilidade*.
- O desenvolvemento do sector SUP-1 mellorará a rede de dotacións do concello.